


Lecturas relacionadas coa Violencia de Xénero

recomendadas pola Biblioteca do C.P.I. Domingo Fontán de Portas

- ▼ “Carmen” de Benjamin Lacombe, quen ilustra a novela de Mérimée que, á súa vez, inspirou a famosa ópera homónima de Bizet. As fermosísimas imaxes do libro ilustran o tópico tan coñecido de “a matei porque era miña”.
- ▼ “Libro do Mal Amor”, que reúne haikus (poemas breves que reflexan unha emoción instantánea) contra a violencia de xénero.
- ▼ “El Monstruo” de D. Martín e R. Trigo, un libro ilustrado que trata de explicar a violencia de xénero aos máis pequenos.
- ▼ “El Sí de las Niñas” de Leandro F. de Moratín, no que unha rapaza de 16 anos é obrigada a casarse polos intereses dos seus pais cun home de 59.
- ▼ “A Cabeza de Medusa” de M. Aleixandre, onde dúas vítimas de violación senten como moitos esquivan mirarlles á cara, coma no famoso mito.
- ▼ “Aprendendo a previr a Violencia de Xénero” de S. Souto, que recolle algunhas ideas para tratar o tema nas aulas.
- ▼ “O Club da Calceta” de M. Reimóndez, protagonizado por un conxunto de mulleres que se xuntan para recuperar a súa voz e facer fronte a unha realidade que lles minusvalora e/ou ningunea.
- ▼ “La Casa de Bernarda de Alba” de Federico G^a Lorca, que amosa a “España profunda” chea de violencia e represión onde unha muller viúva condena ao illamento ás súas fillas para gardar un loito rigoroso segundo as convencións sociais que só fan aumentar as súas frustracións.
- ▼ “Agosto do 36”, de X.F. Ferreiro, que narra con dramatismo como a violencia e crueldade das guerra cébase aínda máis coas mulleres.
- ▼ “Os Homes que non amaban ás Mulleres” (e o resto da Triloxía de Stieg Larsson) que reflexa os negocios turbios dunha familia da alta sociedade que garda moitos trapos sucios que inclúen a desaparición de mulleres...
- ▼ “Invisibles: Relatos do Maltrato” de M. Fajardo, que recolle a historia real de 7 mulleres que sufriron violencia de xénero.
- ▼ E ademais: “Corazón de Xúpiter” (de L. Costas), “Cartas de Amor”(de F. Alonso), “Mil Soles Espléndidos” (K. Hosseini), “O Inferno de Marta” (P. Alapont), A Esmorga (Blanco Amor), “L’isola sotto il Mare” (I. Allende), “A Dúbida” (M. Reimóndez)...

**CPI D. FONTÁN
EN NEGRO**



**CONTRA A
Violencia
de
XÉNERO**



25 NOVEMBRO